

ción destes equipamentos nas condicións establecidas no número 6.3 desta ordenación provisional.

Doce. Engádesse un novo número 12, co seguinte texto:

Os terreos clasificados como solo apto para urbanizar industrial -SAUI 5-B, SAUI 5-C, SAUI 5-D e SAUI 5-E- delimitados nos planos de ordenación das normas subsidiarias de planeamento municipal, aprobadas definitivamente o 10 de xaneiro de 1997, manterán a súa clasificación, agás os afectados pola zona de policía de canles ou pola liña de edificación de estradas e autoestradas.

Nestes ámbitos será de aplicación o réxime do solo urbanizable non delimitado, de conformidade co establecido na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e oito de agosto de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Decreto 194/2008, do 28 de agosto, polo que se determina o calendario laboral para o ano 2009 na Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 37.2º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e o artigo 45 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, na súa redacción dada polo Real decreto 1346/1989, do 3 de novembro, determinan o calendario de festas laborais de ámbito estatal, de carácter retribuído e non recuperable. Respecto dalgunhas das festas de ámbito estatal, as comunidades autónomas teñen facultades de opción ou substitución por outras que por tradición lles sexan propias.

En virtude destas facultades, na nosa comunidade autónoma, e ao coincidir con domingo dúas festas de carácter estatal, o 1 de novembro, Todos os Santos, e o 6 de decembro, Día da Constitución, facendo uso da posibilidade recollida no artigo 45.3º do Real decreto 2001/1983, optouse pola súa substitución polos días 17 de maio, Día das Letras Galegas, e 19

de marzo, día de San Xosé, que pola súa significación xa foron implantadas como festas laborais noutras ocasións, seguindo, deste xeito, o criterio de festas laborais para conmemorar todo o que forma parte da nosa tradición, historia e cultura.

Non obstante, no ano 2009 dáse a circunstancia de que o 17 de maio, Día das Letras Galegas, coincide tamén con domingo, polo que se debe asignar outro día como festivo para a nosa comunidade.

Así, seguindo o criterio do Estado de trasladar ao luns inmediatamente seguinte aquelas festas estatais que coincidan con domingo, coa finalidade de non producir ningún prexuízo e aproveitando que o 8 de decembro, martes, é tamén festivo, propónse trasladar o 6 de decembro, Día da Constitución, ao luns, 7 de decembro.

Segundo o establecido na Constitución española e no artigo 29.1º do Estatuto de autonomía de Galicia, en relación co Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia, asumidas e asignadas polo Decreto 117/1982, do 5 de outubro, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, por proposta do conselleiro de Traballo e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, levada a cabo na súa reunión do vinte e oito de agosto de dous mil oito,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Conforme o establecido no artigo 37.2º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no artigo 45 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, modificado polo Real decreto 1346/1989, do 3 de novembro, de non se producir modificación no calendario laboral de carácter estatal, as festas laborais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009 serán as seguintes:

1 de xaneiro: Aninovo.

6 de xaneiro: Día de Reis.

19 de marzo: San Xosé.

9 de abril: Xoves Santo.

10 de abril: Venres Santo.

1 de maio: Festa do Traballo.

25 de xullo: Día Nacional de Galicia, Santiago Apóstolo.

15 de agosto: A Asunción.

12 de outubro: Día da Hispanidade.

7 de decembro: Día da Constitución (trasladado ao luns).

8 de decembro: A Inmaculada.

25 de decembro: Nadal.

As festas mencionadas terán carácter retribuído e non recuperable.

Artigo 2º

Conforme o disposto no artigo 37.2º do Estatuto dos traballadores, o artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e o artigo 1.11º do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, que serán determinadas polo/a delegado/a da Consellería de Traballo en cada unha das provincias da comunidade autónoma, por proposta do Pleno dos respectivos concellos, e publicaranse nos boletíns oficiais de cada provincia e no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 3º

De acordo co que dispón o artigo 48.7º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as festas laborais sinaladas no artigo 1º terán o carácter de días inhábiles para os efectos de cómputo de prazos.

Disposición derradeira

Este decreto producirá efectos desde o día un de xaneiro do ano dous mil nove.

Santiago de Compostela, vinte e oito de agosto de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Conselleiro de Traballo

**ESCOLA GALEGA DE
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Resolución do 24 de xullo de 2008 pola que se convoca un taller práctico sobre procedemento de elaboración de disposicións de carácter xeral e técnica normativa en colaboración coa Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e co Consello Consultivo de Galicia.

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2008 e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convócase, en colaboración coa Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e co Consello Consultivo de Galicia, un taller práctico sobre procedemento de elaboración de disposicións de carácter xeral e técnica normativa, conforme as seguintes bases:

1. Destinatarios:

Esta actividade formativa ten como destinatarios preferentemente ou exclusivamente persoal ao servi-

zo das administracións públicas de Galicia, e a súa selección faraa a Asesoría Xurídica Xeral respectando en todo caso os criterios selectivos sinalados con carácter xeral na Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG nº 7, do 10 de xaneiro).

2. Obxectivos:

O taller práctico sobre procedemento de elaboración de disposicións de carácter xeral e técnica normativa pretende dotar os asistentes dun conxunto de capacidades e habilidades en materia de técnica normativa que poidan aplicar no desenvolvemento da súa actividade diaria á hora de elaborar disposicións de carácter xeral.

3. Contidos:

Módulo I. A lei. O procedemento lexislativo.

Módulo II. Relacións entre a lei e o regulamento. Titularidade da potestade regulamentaria. O principio de reserva de lei.

Módulo III. O regulamento. Concepto, natureza e clases.

Módulo IV. Procedemento de elaboración de disposicións de carácter xeral. Normativa reguladora.

Conferencia de Francisco Caamaño.

Módulos V, VI e VII. Regras de técnica normativa. Redacción e estruturación das normas. Parte expositiva. Parte dispositiva. Parte final. Normas de modificación.

Módulo VIII. Elaboración e resolución dun caso práctico.

Módulo IX. A impugnación xurisdiccional das disposicións de carácter xeral.

4. Desenvolvemento e prazos:

Datas: 20, 21, 22, 23, 24, 27, 28, 29 e 30 de outubro e 3 e 4 de novembro de 2008.

Horario: das 17.00 ás 20.00 horas

A duración do taller será de 30 horas lectivas e unha conferencia inaugural.

O taller convocado desenvolverase na Escola Galega de Administración Pública (EGAP), situada na rúa Madrid, 2-4, Polígono de Fontiñas, en Santiago de Compostela.

5. Prazas: 40.

6. Solicitudes.

-Presentación de solicitudes.

a) O persoal que desexe participar no seminario que se convoca nesta resolución deberá cubrir o formulario de matrícula en liña que pode atopar no portal web da EGAP no seguinte enderezo: <http://egap.xunta.es/matricula>.

b) Para cubrir correctamente os formularios de solicitude, no citado enderezo da internet disporase de instrucións de axuda que deberán ser observadas en todo momento polas persoas solicitantes.